



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 24 DE ABRIL DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica AC-881 (do P.Q. 44+750 ao 45+180) a prol do Concello de San Sadurniño
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns treitos das estradas autonómicas AC-154 (M-651) parroquia de Miño P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+210 e da AC-160 Miño (N-651) –Vilamateo P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+350 a prol do Concello de Miño
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do tramo da estrada autonómica PO-300, P.Q. 0+000 ao 2+680 a prol do Concello de Meis

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se crea o Rexistro de coordinadores/as en materia de seguridade e saúde nas obras de construción

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se modifica o Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, para levar a cabo as obras de reforma e ampliación dun edificio para destinalo a local social para a mocidade así como o seu equipamento

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración e coordinación suscrito entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia para 2008

CONSELLERÍA POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo de procedencia da inmediata execución do Proxecto básico e de execución do edificio cultural da Vicerreitoría da Universidade en Lugo. Praza de Pío XX.Lugo, promovido pola Universidade de Santiago de Compostela
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Pontevedra, para a construción da ponte das Correntes sobre o río Lérez

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se aproba o acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais sobre o profesorado itinerante
- Acordo polo que se aproba o acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais da ensinanza privada concertada da comunidade autónoma de Galicia, sobre condicións laborais para os anos 2008, 2009 e 2010, e a calidade do ensino
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto de carácter plurianual, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa orde pola que se convocan bolsas de colaboración en departamentos das universidades



do Sistema Universitario de Galicia, destinadas ao alumnado de excelencia académica, para o curso 2008-2009

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto para a contratación da obra de renovación-reposición do CEIP Ramón Cabanillas de Santiago de Compostela (A Coruña)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a realización de traballos para a conservación e mellora do estado sanitario dos bosques en Galicia

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte, o Concello de Agolada e a Deputación Provincial de Pontevedra, para levar a cabo a restauración e rehabilitación dos pendellos da Feira Antiga de Agolada, declarados conxunto histórico
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello de Chantada (Lugo) para a execución da obra Campo de fútbol de Sangoñedo, 2ª fase

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Padroado da Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento dun programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcólica
- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e diversas asociacións da Comunidade Autónoma para o ano 2008 para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Catoira para a execución da obra 'Pequenas obras de saneamento.



Rede de saneamento para o conxunto do núcleo de Cores e estación de bombeo de augas residuais para o lugar da Devesa, parroquia de Abalo. Catoira (Pontevedra)', por importe de douscentos vinte e nove mil catrocentos sesenta e un euros con corenta e nove céntimos (229.461,49 €)

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co concello de Castro Caldelas para a execución da obra 'Pequenas obras de saneamento. Renovación de distintos treitos da rede de saneamento en Castro Caldelas. Castro Caldelas (Ourense)', por importe de cento sesenta e tres mil trescentos vinte e seis euros con sesenta céntimos (163.326,60 €)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a contratación, por parte de Xestur Pontevedra S.A., da 'Execución das obras de urbanización da área loxística empresarial (LE) de PLISAN, excluído o movemento de terras'



A CPTOPT TRANSFIRE AOS CONCELLOS DE MEIS, MIÑO E SAN SADURNIÑO VARIOS TREITOS URBANOS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe tres decretos sobre o cambio de titularidade de varios treitos correspondentes ás estradas PO-300 (Nogueira-Cambados), AC-154 (Miño-Praia de Miño), AC-160 (Miño-Vilamateo) e AC-861 (Ferrol-As Pontes de García Rodríguez) que pertencen á Comunidade Autónoma e que serán transferidos aos concellos de Meis, Miño e San Sadurniño respectivamente.

En Meis, o cambio de titularidade afecta a denominada travesía de Mosteiro, que atravesa o núcleo urbano do municipio. Trátase dun treito comprendido entre puntos quilómetros 0+000 e 2+680 da estrada PO-300 (Nogueira-Cambados).

No caso de Miño, a CPTOPT transfere ao Concello dous treitos de estradas autonómicas. Un deles correspóndese cos primeiros 1,2 quilómetros da estrada AC 154 (Miño-Praia de Miño) e o outro son os primeiros 300 metros da vía autonómica AC-160 (Miño-Vilamateo).

No Concello de San Sadurniño, o cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta atinxe a un pequeno tramo da antiga estrada Ferrol-As Pontes de García Rodríguez(AC-861) ao seu paso polo núcleo da Torre, na parroquia de Igrexafeita.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñen características de urbanas ou pertencen a treitos antigos de estradas nas que se fixeron variantes de trazado. Estes requisitos cúmprese nos tres casos, xa que en Meis e en Miño, os treitos obxecto de transferencias posúen características propias da zona urbana (é dicir, con beirarrúas en todo o percorrido, edificacións e servizos urbanos), mentres que en San Sadurniño trátase dun treito sobrante tras o arranxo da estrada.

As transferencias de todos estes treitos foron solicitadas polos propios concellos e contan cos informes favorables da Dirección Xeral de Obras Públicas. As entregas formais realizaranse mediante a sinatura das correspondentes actas, nos dous meses seguintes á publicación no DOG dos decretos aprobados hoxe. A partir dese momento, os concellos de Meis, Miño e San Sadurniño asumirán a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos.



O CONSELLO DA XUNTA CREA O REXISTRO DE COORDINADORES EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

- *Trátase dunha medida recollida no 'Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2006-2010'*
- *O decreto aprobado hoxe polo Consello establece a creación dun rexistro destes profesionais en Galicia*
- *A norma regula as funcións do profesional con capacidade para coordinar, durante a fase do proxecto de obra, a aplicación dos principios e medidas xerais de prevención*
- *A titulación académica e profesional que se require para desempeñar esta responsabilidade é a de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se crea o rexistro de coordinadores en materia de seguridade e saúde nas obras de construción. Esta medida é un dos compromisos establecidos no *Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2006-2010*, froito do proceso de Diálogo Social en Galicia. A entrada en vigor deste rexistro producirase tres meses despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, momento no que a Comunidade galega contará por primeira vez cunha base de datos deste tipo. Para poder exercer estas funcións requírese estar en posesión da titulación académica e profesional de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico.

A creación deste rexistro dá resposta a un dos obxectivos recollidos dentro do plan, como é o de mellorar o soporte normativo das accións preventivas na Comunidade Autónoma. Unha das primeiras accións que se establecía era a aprobación dunha normativa específica para a Comunidade galega que incida, directa ou indirectamente, na materia de prevención. De aí a elaboración do decreto de creación do rexistro de coordinadores de seguridade e saúde en obras de construción.

O obxecto deste regulamento é crear un rexistro público, de fácil acceso e de carácter voluntario e dependente da Consellería de Traballo, para incentivar a cualificación dos profesionais que actúen como coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción. Outra das finalidades é promocionar a súa formación nesta materia.

Ademais, coa posta en marcha deste rexistro disporase dunha lista de profesionais capacitados e cualificados para exercer a función de coordinadores en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

En virtude deste decreto, a Consellería de Traballo engade tamén como requisito contar con cursos formativos relacionados cos conceptos básicos sobre seguridade e



saúde no traballo, a xestión da prevención, a planificación da prevención nas obras de construción, técnicas xerais de análise, avaliación e control de riscos, promoción da prevención e prácticas en obras de construción.

Cómpre sinalar que o Real decreto 162/1997, que establece unhas disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, xa establece que, cando na elaboración dun proxecto de obra interveñan varios proxectistas, o promotor da obra nomeará un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto de obra. O mesmo sucede cando na execución da obra interveñen máis dunha empresa ou unha empresa e traballadores autónomos. Neste caso, o promotor deberá designar, antes do inicio dos traballos, un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

Deste xeito, o coordinador en materia de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto será a persoa competente, designada polo promotor, para coordinar durante a fase do proxecto de obra a aplicación dos principios e medidas xerais da prevención.



A XUNTA TRIPLICA A CONTÍA DAS SUBVENCÍONS PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO RURAL E EN CONXUNTOS HISTÓRICOS E ANTICIPA O COBRAMENTO DO 50% DAS AXUDAS AO INICIO DA OBRA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación do Decreto 157/2006 de rehabilitación e renovación da calidade das vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia*
- *A contía máxima da subvención multiplicarase por tres e pasa a ser de 24.000 euros por vivenda fronte aos 8.000 euros de agora.*
- *Suprímese o requisito de residir no concello en que está a vivenda durante polo menos os 5 anos anteriores á solicitude da axuda co obxectivo de facilitar o asentamento e retorno de poboación ao medio rural*
- *A contía da subvención poderá acadar os 30.000 euros no caso de obras de renovación que afecten á estrutura da vivenda e reorganización de espazos interiores, fronte aos 12.000 euros actuais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, a modificación do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, sobre rehabilitación e renovación de calidade das vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia. Esta modificación permítelles aos beneficiarios destas axudas cobrar o 50% da subvención outorgada a medida que se van executado as obras, presentando tan só as facturas de compra de material ou certificacións de obra.

O novo procedemento establece que, unha vez que o solicitante obtén a Resolución de conformidade da Cédula da Rehabilitación de Calidade, pode iniciar a obra e, polo tanto, xa desde ese momento cobrar ata o 50% da subvención ao presentar as correspondentes facturas, certificados de obra e documentación fotográfica. O resto da subvención será aboada unha vez rematada a obra e recibida a concesión definitiva da Cédula. No procedemento anterior, o solicitante tiña que ter rematada a obra e a concesión definitiva da Cédula para cobrar o importe total da axuda.

A modificación do Decreto 157/2006 inclúe como beneficiarios desta liña de axudas aos propietarios ou inquilinos de vivendas ou edificios situados en conxuntos históricos con declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) ou en conxuntos históricos incluídos nun catálogo de protección oficialmente aprobado. Ademais, no medio rural –núcleos de poboación de ata 1.500 habitantes- só serán beneficiarios os propietarios ou inquilinos de vivendas unifamiliares.

Ata 24.000 euros por vivenda

Por outra banda, a Consellería de Vivenda e Solo multiplicará por tres a contía máxima das axudas, que pasa a ser de 24.000 euros por vivenda -fronte aos 8.000 euros actuais- para obras de rehabilitación e de ata 30.000 euros -fronte aos 12.000



euros de agora- no caso de obras de renovación que afectan a estrutura da vivenda e reorganización de espazos interiores.

A Consellería de Vivenda e Solo dedica unha partida de 7.150.000 euros nos Orzamentos de 2008 para esta liña de axudas. A Consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) unha orde que recollerá este cambio nas contías máximas, o orzamento previsto para 2008 e o prazo de presentación das solicitudes, que rematará o 30 de setembro.

Asentamento no rural

Coa modificación do decreto, non será necesario que os solicitantes das axudas acrediten residir por un tempo mínimo no concello en que está a vivenda. A Consellería de Vivenda e Solo suprimiu este requisito co obxectivo de facilitar o asentamento ou retorno de poboación ao medio rural. Ata o momento era preciso acreditar a residencia no concello no que está situada a vivenda durante polo menos os 5 anos anteriores á solicitude da axuda, e para os emigrantes retornados acreditar residencia desde o momento do retorno a Galicia.

Destinatarios e actuacións subvencionadas

Esta liña de axudas vai destinada a persoas, familias ou unidades convivenciais cuns ingresos ponderados de ata 3,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), é dicir, ata 23.475 euros anuais. A vivenda obxecto de rehabilitación debe ser a residencia habitual do solicitante e ter unha antigüidade mínima de 15 anos se está situada no medio rural, o requisito da antigüidade non é necesario nos conxuntos históricos. É indispensable que a vivenda obteña a cédula de rehabilitación de calidade para acceder á subvención.

As obras de rehabilitación ou de renovación que se recollen son as relacionadas coa mellora de elementos exteriores da vivenda, de acordo á tipoloxía da zona, como carpintaría exterior, cubertas, acabamentos na fachada, conservación de elementos singulares e materiais propios das zona (madeira, pedra, lousa, forxa, etc). Tamén se subvencionan as obras en elementos estruturais, construtivos e de seguridade, mellora nas condicións de illamento da vivenda, das instalacións en xeral e todo o relacionado coa mellora na calidade da habitabilidade das vivendas, é dicir, obras dirixidas a adecuar as condicións hixiénico-sanitarias, condicións de ventilación e iluminación ou adaptación da vivenda para uso de persoas con discapacidade e maiores de 65 anos.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR PORÁ EN MARCHA EN CANGAS UN LOCAL SOCIAL PARA A MOCIDADE, QUE INCLUIRÁ VARIAS SALAS DE ENSAIO

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración do Concello de Cangas para as obras de reforma e ampliación do edificio que acollerá este local*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Cangas, para levar a cabo as obras de reforma e ampliación do edificio que acollerá un local social para a mocidade. En virtude deste convenio, a Vicepresidencia achega 200.000 euros para a reforma e a ampliación do edificio, de propiedade municipal, que está situado na parroquia de Arbo, así como para o seu equipamento.

Unha vez rematadas as obras, o centro contará con tres salas de ensaio e estudos de gravación, un auditorio, sala de baile e unha sala de usos múltiples.

Este local pasará a formar parte da rede de locais de ensaio que está a impulsar a Dirección Xeral de Xuventude e que xa conta, a día de hoxe, con 16 dos 30 centros que está previsto pór en marcha a principios de 2009.



A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DESTINA EN 2008 MÁIS DE UN MILLÓN E MEDIO DE EUROS Á SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- *Realizarán esta vixilancia 193 efectivos: 114 gardas civís en situación de reserva e 79 membros do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da addenda ao convenio de colaboración e coordinación asinado entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude desta addenda, o Goberno autonómico destina en 2008 un total de 1.589.853 euros para que 193 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

O convenio de colaboración entre a Xunta e Ministerio do Interior, que se atopa nunha fase de implementación progresiva, xa se asinara en outubro de 2006 co fin de dotar os edificios xudiciais de vixilancia e protección a través de gardas civís en situación de reserva e de membros do Corpo Nacional de Policía (CNP) en segunda actividade. Este ano, as dúas partes asinantes acordaron prorrogar o convenio e redactáronse as condicións para 2008, as cales se plasman na devandita addenda que o Consello autorizou.

Na addenda fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 193 efectivos: 79 membros do CNP en segunda actividade e 114 gardas civís en situación de reserva. Dos 79 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 70 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a Cámara de Comercio, 7 para o edificio dos xulgados da Parda de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 114 gardas civís en situación de reserva: 10 integrarán o cadro de mando, 46 estarán na Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña - 15 na Coruña, 7 en Santiago, 4 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-, 12 na Comandancia de Lugo -2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-, 16 na de Ourense - 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de Trives, 2 en Ribadavia, 2 en Xinzo de Limia e 2 en Verín- e 30 efectivos na



Comandancia de Pontevedra – 6 na Audiencia Provincial, 2 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 2 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 2 para Tui-.

Doutra banda, a addenda tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección vai dende as 7.00 horas ata as 22.00 horas no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e comeza unha hora máis tarde nas sedes dos xulgados de instrución. Ademais, mentres que o horario se mantén no TSXG durante as fins de semana e os festivos, nos xulgados de instrución hai unhas pequenas variacións o sábado– con horario de tarde, de 17.00 a 20.30 horas- e os domingos e festivos – que só hai vixilancia polas mañás en horario de 9,30 a 14,30 horas-. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada de 8.00 a 15.00 horas.

EFFECTIVOS QUE REALIZARÁN EN 2008 AS FUNCIÓNS DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN DAS SEDES XUDICAIS GALEGAS *(193 funcionarios)*

1. Persoal do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade

(79 funcionarios)

Equipo de mando *(9 funcionarios)*

- 1 funcionario de escala superior
- 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
- 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

Escala básica *(70 funcionarios)*

- A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
- Ferrol: 7 funcionarios
- Ribeira: 4 funcionarios
- Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
- Monforte de Lemos: 2 funcionarios
- Viveiro: 2 funcionarios



- Ourense (Pazo de Xustiza e anexo —antiga Cámara de Comercio—): 9 funcionarios
- Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 7 funcionarios
- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

2. Persoal da Garda Civil en situación de reserva (114 efectivos)

Cadro de mando (10 efectivos)

- 1 coronel (*nivel autonómico*)
- 4 capitáns (*nivel provincial*)
- 5 suboficiais (*nivel provincial*)

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (46 efectivos)

- A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 15 efectivos
- Santiago de Compostela: 7 efectivos
- Betanzos: 4 efectivos
- Carballo: 4 efectivos
- Arzúa: 2 efectivos
- Corcubión: 2 efectivos
- Muros: 2 efectivos
- Negreira: 2 efectivos
- Noia: 2 efectivos
- Ordes: 2 efectivos
- Ortigueira: 2 efectivos
- Padrón: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos)

- Becerreá: 2 efectivos
- Chantada: 2 efectivos
- Fonsagrada (A): 2 efectivos



- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense (16 efectivos)

- Bande: 2 efectivos
- Barco de Valdeorras (O): 2 efectivos
- Carballiño (O): 2 efectivos
- Celanova: 2 efectivos
- Pobra de Trives (A): 2 efectivos
- Ribadavia: 2 efectivos
- Xinzo de Limia: 2 efectivos
- Verín: 2 efectivos.

Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (30 efectivos)

- Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 6 efectivos
- Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 2 efectivos
- Cambados: 4 efectivos
- Cangas: 4 efectivos
- Porriño (O): 4 efectivos
- Caldas de Reis: 2 efectivos
- Estrada (A): 2 efectivos
- Lalín: 2 efectivos
- Pontearreas: 2 efectivos
- Tui: 2 efectivos



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO ENTRE POLÍTICA TERRITORIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA PONTE DAS CORRENTES SOBRE O LÉREZ

▪ *A CPTOPT achega tres millóns de euros, a metade do custo estimado da nova ponte*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Pontevedra polo que a CPTOPT achega tres millóns de euros para a construción da Ponte das Correntes sobre o río Lérez. Esta contía supón o 50 por cento do custo estimado da ponte.

A nova ponte sobre o Lérez á altura das Correntes unirá a avenida do Uruguai, na marxe esquerda do río, coa avenida Domingo Fontán, na marxe dereita. Esta infraestrutura mellorará a mobilidade, a seguridade viaria e a calidade de vida dos cidadáns de Pontevedra, contribuíndo ao desenvolvemento da cidade.

Segundo o convenio autorizado hoxe, o custo de construción da nova ponte estímase en seis millóns de euros, dos cales a Consellería de Política Territorial alcanzará ata un máximo de tres millóns, asumindo o Concello de Pontevedra o financiamento restante. O convenio tamén establece que o Concello se compromete a elaborar o proxecto técnico da ponte, obter os terreos e permisos necesarios para a súa construción, contratar e executar as obras e asumir o mantemento e conservación da ponte unha vez rematada. Pola súa banda a CPTOPT alcanzará os tres millóns de financiamento logo de revisar e aprobar o proxecto técnico que elabore o Concello.

Novo edificio cultural da Vicerreitoría da USC en Lugo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a construción do edificio cultural da Vicerreitoría da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en Lugo, logo de obter o informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

A obra promovida pola USC sitúase nos terreos do antigo Pazo de Montenegro, no contorno da Porta de Santiago. Esta área está incluída no Plan Especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado de Lugo e a súa zona de influencia.



EDUCACIÓN, SINDICATOS E PATRONAL CONTRIBÚEN Á MELLORA DA CALIDADE DO ENSINO

- *O Consello da Xunta aprobou un acordo para a regulación do profesorado itinerante, e autorizou a sinatura doutro acordo que contempla distintas accións de mellora nos centros sostidos con fondos públicos*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; as organizacións patronais ACES-Galicia, CECE e Educación e Xestión; e as organizacións sindicais da ensinanza privada concertada FSIE, FETE-UGT, CC.OO e USO; sobre as condicións laborais para os anos 2008, 2009 e 2010, e a calidade do ensino nos centros sostidos con fondos públicos.

Este acordo deriva da aplicación da Lei Orgánica de Educación (LOE), que sinala que se posibilitará a equiparación gradual da remuneración do persoal docente do ensino privado concertado coa do profesorado de centros públicos. Así, con carácter xeral as nóminas do profesorado en pago delegado experimentarán os seguintes incrementos nos anos 2008, 2009 e 2010: a subida que marquen os orzamentos do Estado nos módulos correspondentes, un incremento interanual do 2% no Complemento Retributivo da Comunidade Autónoma (CRCA), e un incremento de 60 euros brutos mensuais no ano 2008, de 45 euros mensuais no 2009, e de outros 45 euros brutos mensuais no ano 2010, para todo o profesorado en pago delegado e xornada completa.

Outra das accións contempladas é o incremento da capacidade de contratación de profesorado nos centros concertados en relación ás unidades concertadas. A partir do 1 de setembro de 2008 entrarán en vigor novas ratios, que estarán supeditadas a que por parte da patronal se tomen as medidas oportunas para que, dentro da xornada do persoal docente, as actividades lectivas do profesorado se reduzan a un máximo de 24 horas lectivas semanais.

Ademais, para os centros que escolaricen alumnos con necesidades educativas especiais destinarase un máximo de 300.000 euros en cada un dos anos 2008, 2009 e 2010 para empregar en medidas de atención á diversidade.

Profesorado itinerante

Por outra banda, o Consello da Xunta aprobou o acordo asinado en febreiro entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais (CIG, CC. OO, FETE-UGT, ANPE, STEG e CSI-CSIF) sobre a regulación do profesorado itinerante. Así, este acordo contempla unha compensación horaria lectiva semanal en función dos quilómetros que estes docentes teñan que percorrer á semana, de entre 2 e 5 horas.



O acordo fixa ademais que os centros confeccionarán os horarios de tal xeito que o profesorado itinerante realice os menores desprazamentos posibles nun mesmo día, sen que teña que atender, como norma xeral, máis de tres centros diariamente. Ademais, o profesorado itinerante terá dereito a percibir os custos de locomoción cando se desprace desde o centro base a outro centro educativo ou desde un centro educativo a outro, conforme á normativa xeral da Xunta de Galicia para o seu funcionariado.

A normativa afecta ao profesorado que desempeña postos de traballo que comprenden máis dun centro educativo situados en localidades distintas e que implican desprazamentos habituais desde un centro base ata outro ou outros centros públicos nos que imparten docencia ou realizan actuacións de atención directa co alumnado. En todo caso considérase profesorado itinerante o que imparte docencia nos Colexios Rurais Agrupados (CRAs) e as orientadoras e orientadores que teñan centros adscritos ou presten servizos en centros compartidos. A provisión destes postos ten carácter voluntario.



EDUCACIÓN CONVOCARÁ PARA O PRÓXIMO CURSO 40 BOLSAS DE COLABORACIÓN EN DEPARTAMENTOS DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *Dirixiranse ao alumnado do último curso de ensinanzas universitarias que acredite expedientes académicos excelentes, co obxectivo de que poida iniciarse en tarefas docentes e de investigación*
- *A Consellería de Educación inviste nesta acción 126.000 euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará 40 bolsas de colaboración en departamentos das universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) destinadas ao alumnado de excelencia académica, para o curso académico 2008-2009. Así, o Consello da Xunta autorizou compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Consellería de Educación; en concreto, 42.000 en 2008, e 84.000 en 2009. Así, esta acción conta cun investimento total de 126.000 euros.

Estas bolsas de colaboración destínanse ao alumnado do último curso de ensinanzas universitarias que acredite expedientes académicos excelentes e desexe prestar a súa colaboración en departamentos universitarios en réxime de compatibilidade cos seus estudos, iniciándose así en tarefas docentes e de investigación directamente vinculadas cos estudos que estean a realizar. Esta iniciativa permite ademais o crecemento e potenciación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

A duración máxima destas bolsas será de nove meses, comprendidos entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de xuño de 2009. A contía a percibir por beneficiario será de 350 euros mensuais.

Entre os requisitos para acceder a esta convocatoria atópanse non estar en posesión ou en disposición legal de obter o título académico de licenciado enxeñeiro ou arquitecto; e matricularse no curso académico 2008-2009 en calquera das tres universidades que compoñen o SUG, no último curso dos estudos conducentes a unha titulación de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto na totalidade das materias ou créditos que lle resten para rematar os seus estudos, a excepción do proxecto fin de carreira.

Así mesmo, os solicitantes deberán ter superado no momento da formalización da matrícula o primeiro ciclo e o 45% dos créditos que integren o segundo, menos o alumnado de medicina, que deberá ter superado o 60%. Por outra banda, os aspirantes terán que posuír unha media simple no seu expediente académico igual ou superior a 1,80.

As axudas son compatibles co gozo de calquera outro tipo de bolsas ou axudas, agás aquelas que teñan a mesma finalidade. O prazo de presentación de solicitudes será



dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A selección farase tendo en conta a nota media do expediente académico. Ademais, as solicitudes presentadas serán clasificadas segundo titulacións ou bloques de titulacións semellantes pertencentes a unha mesma área ou ámbito científico: ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, ensinanzas técnicas e humanidades.



EDUCACIÓN INVISTE PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS NA RENOVACIÓN E REPOSICIÓN DO CEIP *RAMÓN CABANILLAS* DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *O centro albergará 6 aulas de educación infantil e 12 de primaria nunha superficie de máis de 3.000 metros cadrados*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de gasto para a contratación da obra de renovación e reposición do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) *Ramón Cabanillas* de Santiago de Compostela. A Administración educativa autonómica investirá un total de 3.996.171,34 euros nesta actuación, distribuíndo este importe en dúas anualidades: 700.000 euros en 2008 e os restantes 3.296.171,34 euros en 2009. A superficie útil total da nova infraestrutura ascenderá a máis de 3.000 metros cadrados.

O edificio organizarase de xeito que posibilite un uso diferenciado dos niveis educativos de infantil e de primaria á vez que permita a utilización para todos os usuarios dos usos comúns, administrativos e de apoio, especialmente da biblioteca e do ximnasio. Así, pola disposición destes dous últimos espazos, a biblioteca nun extremo do aulario, e o ximnasio nun pavillón independizable, poden ser utilizados fóra do horario lectivo.

Segundo o proxecto da obra, a distribución do centro por plantas queda da seguinte maneira: na planta baixa situaranse o ximnasio e vestiarios, a cociña e o comedor, a biblioteca, a conserxería e a sala de reprografía, e aseos; na planta 1, 6 aulas de infantil, 4 aulas de primaria, os despachos do director e do xefe de estudos, a secretaría, a sala de profesores, o local da Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA), o despacho de orientación, e aseos.

Por último, a planta 2 albergará 8 aulas de primaria, 1 aula de informática, 4 aulas de pequeno grupo, e aseos. O proxecto contempla ademais o acceso dos autobuses ao centro a través dun percorrido con soportais que actuarán de protección fronte a choiva.

Esta actuación enmárcase na política da Consellería de Educación de cara a dar un salto cuantitativo e cualitativo importante nas edificacións da rede de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade galega adecuándoos ás esixencias funcionais da normativa actual así como aos parámetros de seguridade, accesibilidade, eficiencia, requirimentos enerxéticos, acceso ás TICs desde todos os espazos educativos, etc.



MEDIO RURAL DESTINA 205.000 EUROS PARA A CONSERVACIÓN E MELLORA DO ESTADO SANITARIO DOS BOSQUES EN GALICIA

A Consellería do Medio Rural asinará un convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a realización de traballos para a conservación e mellora do estado sanitario dos bosques de Galicia que se vai desenvolver ata o ano 2010, segundo acordou o Consello da Xunta.

Ao abeiro deste convenio, a Estación Fitopatolóxica do Areeiro, dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, contribuirá a clasificar as especies patóxenas por parte do persoal científico que dispón nas súas instalacións e laboratorios.

Entre as funcións deste convenio está a determinación e clasificación de axentes patóxenos que se desenvolvan, así como a dedución de posibles causas abióticas que se observen nas mostras ou partes de plantas captadas no campo polos servizos forestais. Ademais, estudarán os inxertos xilófagos asociados ás masas de piñeiros e a súa incidencia, así como a caracterización poboacional de *Fusarium circinatum* sobre os diferentes clons de *Pinus pinaster* situados na horta-sementeira de Sergude.

Os traballos de captura e remisión de mostras de plantas e de solos serán coordinados pola Subdirección Xeral de Recursos Forestais, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. En total destinarase un orzamento de 205.000 euros, distribuídos en tres anualidades.



CULTURA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA REHABILITARÁN OS PENDELLOS DE AGOLADA CUNHA PARTIDA DE 1.200.000 EUROS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio que asinarán a Consellería, o Concello de Agolada e a Deputación para restaurar o antigo recinto feiral*
- *A Consellería de Cultura e o ente provincial realizarán cadansúa achega económica de 600.000 euros*
- *A Dirección Xeral de Patrimonio contempla para este ano a rehabilitación da Capela das Virtudes e da Casa das Neves, actuacións na rúa da Parranda e a redacción dun plan director*

Os Pendellos da feira antiga de Agolada van recuperar o seu valor cultural e social grazas ao convenio de rehabilitación que aprobou hoxe o Consello da Xunta e que asinarán a Consellería de Cultura, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Agolada. Destinaranse 1.200.000 euros á restauración deste Ben de Interese Cultural, co fin de evitar a deterioración do recinto e lograr a súa posta en valor devolvéndolle o seu uso público.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ten previsto que o proceso de conservación e rehabilitación que poña así en valor deste importante conxunto etnográfico remate en 2010. O acordo entre Cultura e a Deputación provincial establece unha achega de 600.000 euros por cada unha das partes, repartidas en tres anualidades de 200.000 euros.

Na actualidade Patrimonio Cultural xa está a desenvolver un plan de rehabilitación do recinto coa elaboración de estudos previos como o levantamento de planimetría, un estudo histórico, unha análise de patoloxías construtivas e funcionais e avances de propostas de novos usos para este conxunto patrimonial de interese etnográfico e histórico. Estes estudos teñen como obxectivo a elaboración dun plan director de restauración e rehabilitación para a ordenación de futuras actuacións.

A Consellería de Cultura e Deporte ten xa redactados dous proxectos de intervención dirixidos á rehabilitación da Capela das Virtudes e da chamada Casa das Neves para darlles un uso social como centro multiúsos o primeiro, e punto de información e explicación de todo o conxunto, o segundo. Tamén está prevista para este ano a redacción dun proxecto básico e de execución para unha segunda fase de actuacións na rúa da Parranda.

Para 2009 e 2010, a Consellería de Cultura e Deporte achegará á Deputación de Pontevedra, propietaria dos Pendellos, 400.000 euros que executará o ente provincial seguindo os proxectos técnicos elaborados por Patrimonio Cultural. Por outra banda,



o Concello de Agolada, unha vez restaurados estes bens, xestionará e coordinará a súa utilización como espazo cultural e social.

Os Pendellos de Agolada, entre os mellor conservados do país

Os Pendellos de Agolada datan do século XVIII e constitúen un dos campos de feira mellor conservados, xa que moitos outros recintos similares ou ben están en peores condicións de conservación ou ben foron substituídos por construcións recentes. A súa situación nun cruzamento de camiños entre os vales do Alto Ulla e do Arnego, convertéronos nun lugar moi axeitado para a celebración de mercados e intercambios periódicos dos excedentes agrarios.

A súa construción baséase no uso de grandes pedras graníticas que conforman unha estrutura a modo de soportais complementada con cachotaría e pedra máis miúda nas paredes, cuberto todo iso cun tellado sobre armazón de madeira.

É de destacar o labor que nos últimos anos veu facendo a Asociación de Amigos dos Pendellos, a prol da conservación, difusión e utilización social e cultural deste singular conxunto etnográfico.



A XUNTA INVESTIRÁ CASE 700.000 EUROS NO CAMPO DE SANGOÑEDO DE CHANTADA

- *O Consello da Xunta aproba a sinatura dun convenio entre a Dirección Xeral para o Deporte e o Concello de Chantada para a realización das obras*
- *Esta segunda fase da obra consistirá na construción dos vestiarios, accesos, bancadas e iluminación do terreo de xogo*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe ao convenio que a Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, asinará co Concello de Chantada un convenio que aproba hoxe o Consello da Xunta, para a realización da segunda fase das obras do campo de fútbol de Sangoñedo, cun investimento de case 800.000 euros.

A Dirección Xeral para o Deporte achegará unha partida orzamentaria de case 700.000 euros (679.390), mentres que o Concello de Chantada achegará 113.437 euros. Con esta segunda fase, rematarase a obra do campo de fútbol de Sangoñedo, que comezou no ano 2004, coa construción do terreo de xogo e dotación de herba artificial e que tivo un investimento de 351.970 euros.

A obra actual, cuxo proxecto foi realizado polo arquitecto Eduardo Herráez, consistirá no remate do xa iniciado, coa construción dos vestiarios, accesos, bancadas parcialmente cubertas e iluminación do terreo de xogo. Este convenio ten como finalidade atender as necesidades que, en materia deportiva, presenta a infraestrutura do Concello de Chantada en coherencia coa planificación de mellora das infraestruturas e equipamentos deportivos da Xunta de Galicia.



SANIDADE DESTINA MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE TRATAMENTO, PREVENCIÓN E INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES

- *Desta cantidade, algo máis de cinco millóns repártense entre catro asociacións que desenvolven programas de tratamento; 1,2 millóns para 21 colectivos que desenvolven programas de prevención e/ou incorporación social*
- *Outros 4,8 millóns de euros repártense entre 13 concellos que realizan programas de tratamento*
- *O Consello da Xunta tamén autorizou outro convenio coa Fundación Monte do Gozo para subvencionar 11 prazas de tratamento temporal de desintoxicación alcohólica*

A Consellería de Sanidade vai distribuír este ano un total de 11.113.625 euros para convenios de colaboración con asociacións privadas sen ánimo de lucro e concellos para o desenvolvemento de programas de tratamento, prevención e/ou incorporación social de persoas drogodependentes.

Esta cantidade de máis de 11 millóns de euros desagregase do seguinte xeito:

- 5.053.266 euros son para asociacións que desenvolven programas de tratamento
- 1.204.500 euros son para asociacións que desenvolven programas de prevención e/ou incorporación social
- 4.855.859 euros destínanse a concellos para realizar programas de tratamento.

Esta cantidade supón un incremento do 10,13 por cento respecto do orzamento de 2007 (1.022.527 euros máis), e un 34,69 por cento máis (2.862.213 euros máis) que a cantidade distribuída en 2005.

Programas de tratamento

As asociacións que desenvolven programas de tratamento e que reciben a cantidade total de 5.053.266 euros son Aclad da Coruña, Alborada de Vigo, Asfedro de Ferrol, e Cruz Vermella de Lugo. Estas axudas permitirán o mantemento de catro Unidades Asistenciais de Drogodependencias, catro Unidades de Día e tres Comunidades Terapéuticas.

Programas de prevención e/ou incorporación social

As asociacións que desenvolven programas de prevención e/ou incorporación social, e que recibirán unha cantidade total de 1.204.500 euros son, Abeiro (As Pontes), Abeiro (Ourense), Aliad (Lugo), A. Noche (A Coruña), Asfedro (Barrio de Caranza), Asfedro (Cedeira, Neda, Narón, Valdoviño, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño e Ares), Atox (Ourense), Avante (Portonovo), Consello Xuventude de



Galicia, CIMO (Ourense), Distrito 5º (A Coruña), Érguete (Vigo), Érguete (O Grove), Madro (Vigo), Neria (Cee), Renacer (Ribeira), Rexurdir Provincial (Pontevedra), Rexurdir (Marín), Plan Comunitario de Teis (Vigo) e AA.VV. de Vite (Santiago), e Federación Nacional de Asociacións de Axuda ao Drogodependente (FENAD).

Axudas a concellos

Pola súa banda, os concellos que recibirán a axuda de Sanidade para programas de tratamento, por un importe total de 4.855.859 euros, son, Burela, Cangas, Carballo, Monforte, Noia, O Grove, Ourense, Pontevedra, Porriño, Ribeira, Santiago de Compostela, Vigo e Vilagarcía de Arousa, para o mantemento dos recursos asistenciais que xestionan -trece Unidades Asistenciais e seis Unidades de Día-.

Convenio coa Fundación Monte do Gozo

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou outro convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento dun programa destinado ao tratamento e rehabilitación da dependencia alcohólica, en réxime de comunidade terapéutica.

Para iso, a Fundación comprométese a dispoñer de 11 camas para o tratamento temporal –de tres a seis meses segundo criterios facultativos- no centro pertencente a este organismo, que se atopa en Bastiagueiro (Oleiros-A Coruña).

En virtude deste convenio, o departamento que dirixe María José Rubio Vidal achegará 165.000 euros con cargo aos orzamentos deste ano, destinados á aplicación dos programas asistenciais e rehabilitadores nos pacientes con dependencia alcohólica, respectando os principios de universalidade e gratuidade que conforman o sistema público de saúde.

Este programa pretende a atención e rehabilitación do enfermo alcohólico que busca unha alternativa terapéutica e rehabilitadora, tendo como obxectivos lograr unha maior autonomía así como o cumprimento das prescricións e a efectividade clínico-asistencial nesta tipoloxía de casos, ademais do apoio e orientación ás familias afectadas por este problema.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 229.461 EUROS EN OBRAS DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE ABALO, NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE CATOIRA

- *As actuacións previstas incluírán o saneamento nos núcleos de Cores e A Devesa, coa construción dunha estación de bombeo de augas residuais neste último lugar, na parroquia de Abalo*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 229.461 euros en obras de saneamento no concello pontevedrés de Catoira. O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao proxecto, que permitirá conectar o núcleo de Cores e o lugar da Devesa, ambos na parroquia de Abalo, coa rede de saneamento que se está a construír ao longo na N-550.

Medio Ambiente financiará a totalidade das obras, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e con cargo aos orzamentos deste ano. As actuacións previstas, que contan cun prazo de execución de seis meses, incluírán a construción dunha estación de bombeo de augas residuais no lugar da Devesa, ademais da instalación de colectores para o saneamento neste mesmo punto e no núcleo de Cores.

Así, no lugar de A Devesa acometerase a instalación dun colector de 220 metros de lonxitude así como a construción dunha estación de bombeo que estará situada preto do río Souto da Vila e que conducirá as augas residuais ata a rede de colectores de Cores. Tamén está previsto executar un pozo de formigón armado.

Por outra parte, no núcleo de Cores instalarase un colector de 848 metros de lonxitude ao longo de diversos camiños públicos, ata conectar coa estrada N-550. Esta conducción contará con 34 pozos de formigón, destinados a servizos de conexión, inspección e limpeza.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 163.000 EUROS Á RENOVACIÓN DE DISTINTOS TRAMOS DA REDE DE SANEAMENTO EN CASTRO CALDELAS (OURENSE)

- *O proxecto, que ten un prazo de execución de tres meses, permitirá corrixir as deficiencias da rede actual nos tramos máis deteriorados*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destina 163.326 euros ao proxecto de renovación de distintos tramos da rede de saneamento no concello ourensán de Castro Caldelas, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración entre a administración autonómica e a local para levar a cabo esta actuación.

O proxecto, que ten un prazo de execución de tres meses, permitirá corrixir as deficiencias da rede actual, que no seu momento foi construída con tubos de formigón e que debido á deterioración producida polo paso do tempo, así como posibles roturas, producen escapes de auga.

As obras implicarán modificar parte da rede nos tramos máis deteriorados e a realización de tramos novos, que aínda non dispoñen da rede correspondente. Para iso procederase á colocación de 1.120 metros lineais de tubo, e a instalación dos tubos para pluviais, abastecemento e electricidade. A actuación rematará coa construción de beirarrúas e reposición do pavimento nas zonas afectadas.

A renovación da rede de saneamento será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 22,8 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA SUPERFICIE QUE POSÚE NA PLATAFORMA LOXÍSTICA SALVATERRA-AS NEVES (PLISAN)

- *A Consellería convocará a través do DOUE e do DOG o concurso público para contratar as obras, que terán un prazo máximo de execución de 12 meses*
- *Nos orzamentos de 2008 o Departamento autonómico dispón dunha partida orzamentaria de 24,8 millóns de euros para o desenvolvemento desta actuación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 22.790.000 euros destinados ás obras de urbanización da superficie de 1 millón de metros cadrados propiedade do Departamento autonómico na Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves (PLISAN), promovida en colaboración con Zona Franca e a Autoridade Portuaria de Vigo.

A Consellería convocará a través do *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) e do *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o concurso público para contratar a execución das obras de urbanización deste ámbito, que terán un prazo máximo de execución de 12 meses.

Nos orzamentos de 2008 a Consellería de Vivenda e Solo dispón dunha partida orzamentaria de 24,8 millóns de euros para o desenvolvemento desta actuación.

Distribución dos usos

Dentro do millón de metros cadrados propiedade da Consellería de Vivenda e Solo na PLISAN, destinaranse a uso empresarial un total de 400.000 m², que a Consellería oferta coa seguinte distribución inicial: 63 parcelas de ata 3.000 m², 34 parcelas de entre 3.000 e 5.000 m², 14 parcelas de máis de 5.000 m².

O resto da superficie distribúese en 322.315 m² para zonas verdes, que inclúen unha barreira arbórea natural que rodeará todo o ámbito de actuación e que actuará de gran pantalla verde para garantir a integración do parque empresarial no territorio sen afectar os núcleos rurais próximos. Ademais, inclúense 67.000 m² para equipamentos e 162.755 m² para o sistema viario e aparcamentos.